



INFORME SOBRE PROCESOS SELECTIVOS DA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA (AGASP)

Na Dirección Xeral de Saúde Pública recíbese o Plan de continxencia para a celebración dun proceso selectivo organizado pola Academia Galega de Seguridade Publica (AGASP) para o 26/02/2021 no recinto da Feira Internacional de Galicia ABANCA en Silleda.

Trátase dun proceso selectivo para o corpo de Policías Locais no que hai 1.000 aspirantes matriculados. O recinto feiral dispón de 400.000 m² e segundo o plan, os aspirantes disporanse no Pavillón 1 (10.200 m²) e no Pavillón 2 (10.200 m²), cunha separación entre eles de 3 metros en sentido lonxitudinal e 5 metros en sentido transversal.

Logo de revisar a documentación presentada na Dirección Xeral de Saúde Pública informo que o Plan de continxencia contempla medidas adecuadas de seguridade fronte ao COVID-19, polo que se AUTORIZA a súa celebración.

- Esta autorización estará condicionada ao cumprimento estrito das medidas descritas no protocolo presentado, así como á evolución da situación epidemiolóxica da pandemia e ás medidas de hixiene e prevención que se poidan tomar con respecto a mesma.
- Prestarase especial atención aos momentos previo e posterior á proba para evitar aglomeracións e verificar que se garda a distancia mínima interpersoal. Para iso empregaranse todas as portas de acceso de forma que o cociente de aspirantes/porta sea inferior a 100.
- Deberá dispoñer dun rexistro de asistentes ao evento e a súa disposición, custodiando o mesmo durante polo menos un mes despois do evento, coa información do contacto dispoñible para as autoridades sanitarias, cumprindo coas normas de protección de datos de carácter persoal.



- Deberán realizarse tarefas de ventilación durante un mínimo de 30 minutos ao inicio e ao remate de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta.

De acordo cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), dispón dun prazo dun mes, a partires da recepción desta notificación, para presentar RECURSO DE ALZADA ante o Conselleiro de Sanidade.

(Documentación revisada no Servizo de Control e Auditorías da Subdirección Xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde)

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
A directora xeral de Saúde Pública
Carmen Durán Parrondo

